

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

XOSÉ CHAO REGO

O revolucionario tranquilo

"Entra con serenidade infinda na aula pero leva con el unha auténtica revolución". Son as verbas agarimosas dunha antiga alumna ao Xosé Chao Rego profesor, o catedrático de galego que exerceu durante anos no Instituto compostelán Rosalía de Castro. Mais a faceta de mestre brilla só como unha das múltiples pezas que artellan o mosaico da personalidade deste vilalbés da Terra Cha, un dos ensaístas galegos máis prolíficos, homenaxeado pola asociación O Galo a finais do 2004. Un artigo de **Belén Puñal**

- 13:01 19/01/2005

Sexa como crego que foi, ou como home de fe que aínda é, como profesor, como ensaísta ou como cidadán, aniñou sempre en Pepe Chao o espírito da transgresión, e así o amosou e o amosa coa súa vida de compromiso e coa súa amplísima obra, que o converten no ensaísta galego máis prolífico.

En homenaxe

A agrupación O Galo, a máis antiga das asociacións culturais galegas, aproveitou este pasado outono para homenaxear a Chao. A través das palabras, sempre admiradas, das persoas reunidas en homenaxe, puidemos albiscar a verdadeira amplitude do seu pensamento, sempre politicamente incorrecto, sempre crítico e construtor. E a verdadeira dimensión deste transgresor, entregado as causas de home libre e xusto.

Na homenaxe da asociación O Galo (os días 29, 30 e 31 de outubro e o 15 de decembro) puidemos reparar nas moitas peciñas que compoñen este mosaico e sorprendernos pola súa variedade. De feito, foron especialistas dos máis diversos ámbitos, os moitos abordados por Chao, os que protagonizaron os actos de outubro arredor da súa figura. E un ronsel de artistas, dende poetas como Rafa Villar, Marica Campo e Lois Diéguez até grupos como a Quenlla, os que tomaron o relevo da homenaxe en Nadal.

Pepe Chao destaca pola diversidade e a amplitude dos seus coñecementos, pola multitude de campos por el abordados (desde a teoloxía e o estudo da biblia até a historia, a economía, o urbanismo, a lingua ou a socioloxía), polas moitas causas coas que se comprometeu (con Galicia e os máis humildes sempre de fondo), e por un común denominador: o de home de fe que tenta conectar coas utopías, as reivindicacións e as inxedanzas da sociedade actual sempre, e inevitabelmente, desde as marxes da Igrexa oficial.

Os ollos críticos da Igrexa

Os de Pepe Chao son os ollos inxedados que se atreven a esculcar aquelas realidades que a igrexa nega ou

despreza, desde a muller até a homosexualidade. Os seus dedos fúrgan baixo as saias negras coas que a Igrexa oculta as súas propias faltas e constrúe os seus mitos. As súas palabras, incómodas para moitos, rezan convencidas que "fóra do mundo non hai salvación".

Baixo a aparencia de home tranquilo, o seu espírito inqueda levouno sempre a cuestionar e a cuestionarse, e a renacer. Renacer envolto de novos compromisos, como a solidariedade manifesta coa causa obreira nos tempos difíciles da ditadura. E iso, renunciando ás aspiracións dunha carreira eclesiástica que prometía exitosa. Renacer como cidadán novo e secularizado, despois de vinte anos de crego na parroquia de Santa Mariña de Ferrol. Renacer como galego a finais dos 70 despois de toda unha vida falando e exercendo en castelán. Porque, tal como escribiu no seu ensaio *Eu renazo galego*, "Para deixarmos de ter conciencia cínica, fai falla decidirse: optar". E el soubo optar, facendo das dúbidas superación e valentía.

O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (nº 92, xaneiro 2005)